



Biblioteca Provincial
Riego de Agua, 37
15001 a Coruña

Expediente: PCO.001.2023.00449

ASUNTO: PROPOSTA DE CONTRATACIÓN DA COORDINACIÓN DO CLUB DE LECTURA VIRTUAL DA eBIBLIODACORUNA DA BIBLIOTECA PROVINCIAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

1. NECESIDADE E IDONEIDADE DO CONTRATO

Dacordo co disposto no Art. 20, apartado e) da Lei 5/2012 de bibliotecas de Galicia entre as funcións que teñen encomendadas as bibliotecas públicas está a de desenvolver actividades de creación ou difusión cultural e de promoción da lectura.

Co obxectivo de acadar este fin, a Biblioteca Provincial inclúe, entre as súas activades, o club de lectura virtual a través do eBibliodacoruna coa finalidade de chegar a todas as persoas da provincia. É por isto que, resulta necesaria, a contratación da coordinación do club de lectura virtual do eBibliodacoruna para desenvolver un programa de promoción da lectura e difusión na provincia, tal e como se recollen na Lei 5/2012 de bibliotecas de Galicia.

2. OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto do presente contrato consiste na coordinación do club de lectura virtual da eBibliodaCoruna dirixido ás persoas adultas usuarias das bibliotecas da provincia da Coruña.

3. XUSTIFICACIÓN DA INSUFICIENCIA DE MEDIOS PROPIOS

Para a consecución dos intereses públicos que se pretenden satisfacer e dado que, a Biblioteca Provincial carece dos medios persoais propios para dar resposta de maneira eficaz á necesidade descrita anteriormente, faise necesario contratación do servizo para dar resposta á demanda cidadá.